

**PREGUNTA DE AER SOBRE O FESTIVAL SINSAL**

PLENO 6 MAIO 2014. ACTA 6/2014

Os días 31 de agosto e 1 de setembro de 2013 celebrouse na Illa de San Simón o Festival “Sinsal San Simón” onde, xunto con diversas entidades públicas e privadas, consta o Concello de Redondela como patrocinador e/ou colaborados do evento. O 6 de agosto do 2013 solicitamos por rexistro unha serie de información sobre este evento, e vendo que xa pasaron máis de 6 meses e aínda non nos contestaron, preguntamos no pleno e solicitamos tamén por escrito En que consistiu o patrocinio do festival “Sinsal San Simón”, cantidade económica e medios humanos e materiais, cal foi o motivo que regulou esa colaboración e cal é a intención ao respecto neste ano 2014?

*O concelleiro ALONSO MONTEAGUDO di que con respecto a dito festival non se asina ningún convenio e soamente hai unha colaboración a nivel da loxística, relativa á protección civil, policía, etc.*